



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

ACTA SEGUNDA DO TRIBUNAL

Data:	Día 17/07/2024, ás 10:30 horas
Proceso:	OEP Extraordinaria para a redución do emprego temporal (DA 6ª e 8ª da Lei 20/2021) Proceso selectivo de persoal laboral fixo, por concurso, para a praza de Terapeuta ocupacional (4207)
Expediente:	2022/E001/000045

No día e hora indicados, reúnense no Concello de Lousame, os seguintes membros do Tribunal Cualificador, designado para o proceso selectivo referenciado (Resolución de Alcaldía núm. 244 do 22/04/2024)

Membro	Identidade
Presidencia	Mónica Castaño Ourille. Persoal laboral fixo A2 Concello de Lousame.
Vogal	Natividad Hermo Santos. Persoal laboral fixo A2 Concello de Lousame
Vogal	María del Pilar Calvo Abilleira. Persoal laboral fixo A2 Concello de Lousame.
Vogal	José Manuel Outeiral Castro. Persoal laboral Fixo A2 Concello de Lousame
Secretaría	José Martínez Redondo. Funcionario A1 Concello de Lousame

Antecedentes:

Antecedentes:

A relación definitiva de aspirantes admitidos/excluídos é a seguinte (Resolución de Alcaldía núm. 244 do 22/04/2024):

2022/E001/000045	TERAPEUTA OCUPACIONAL (4207)							
Apelidos e Nome	Anexo I	DNI	Celga	Titulación	Permiso conducción / Carné manipular alimentos	Méritos	Taxa	Admisión Definitiva
Filgueira Pérez, María	Si	***8517**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
García Alende, Marta	Si	***7104**	Non	Si	Si	Si	Si	Si
García García, Ana María	Si	***9014**	Si	Si	Si	Si	Si	Si
Gómez Caínzos, María del Carmen	Si	***4700**	Si	Si	Si	Si	Si	Si

Co obxecto de levar a cabo a valoración do proceso selectivo arriba indicado, o Tribunal procedeu a na súa sesión de 07.05.2024 á lectura da lista definitiva de admitidos, aos efectos de manifestar a concorrencia de posibles causa de abstención ou recusación nalgún membro do Tribunal (de acordo co disposto na Lei 40/2015, do 1 de outubro de Réxime Xurídico do Sector Público). Os cinco membros do Tribunal manifestan que non concorre neles ningunha causa de abstención ou recusación.



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

DILIXENCIA DO REXISTRO

A petición da Alcaldía, efectúase consulta no Rexistro Xeral do Concello de Lousame, para verificar a existencia ou non de alegacións durante o período de información pública do expediente.

O resultado é o seguinte:

Expediente TEDEC	2022/E001/000045
Asunto	OEF Extraordinaria estabilización: Terapeuta Ocupacional
Período de información pública	Inicio: 09/05/2024 Fin: 23/05/2024
ALEGACIONES	SI: - 14/05/2024- MARIA FILGUEIRA PÉREZ- REXISTRO ENTRADA 642 - 20/05/2024- MARIA FILGUEIRA PÉREZ- REXISTRO ENTRADA 665 (ANEXO A ALEGACION DE DATA 14/05/2024)

Lousame, na data da sinatura dixital.

A responsable do Rexistro, M^a Aurora Froján Sedofoito.

Quinto: A alegación presentada por María Filgueira Pérez o 14/05/2024 sinala:

AO CONCELLO DE LOUSAME
Tribunal Cualificador (Proceso Selectivo)
Expte: 2022/E001/000045



MARIA FILGUEIRA PÉREZ, con Documento de Identidade 53485172Y, traballadora deste Concello, comparece e EXPON:

-En data de 08/05/2024 publicábase listaxe definitiva das persoas admitidas/excluídas no proceso de referencia e no cal eu participei. Sobre esa resolución preséntase as seguintes ALEGACIONES:

- A vista dos resultados publicados, no referido á formación, apréciase que no meu caso non se tivo en conta o Diploma de Socorrismo e Primeiros Auxilios, de 40 horas e expedido pola Cruz Roja Española, e proporcionado no seu día co resto de documentación.
- Destes xeito, á puntuación obtida foi de 37,75 puntos, e quedando no segundo lugar da lista.
- O mencionado curso de 40 horas, de contabilizarse, significarían 10 puntos máis, co cal a puntuación final sería a máxima de 40 puntos.
- Conforme ao anterior produciríase un empate coa primeira da lista publicada, resolvéndose o posto no meu favor, polos criterios de desempate das bases da convocatoria.

Polo exposto, de Vdes. SOLICITO:

-Que á vista do presente escrito, se teña por presentadas as alegacións anteriores, se inclúa a puntuación excluída, e se proceda á modificación da lista nos termos anteditos.

En Lousame a 14 de maio de 2024.

Asdo: MARIA FILGUEIRA PÉREZ

En na presentada o día 20/05/2024 indica:



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

Expte: 2022/E001/000045

MARIA FILGUEIRA PÉREZ, con Documento de Identidade 53485172Y, traballadora deste Concello, comparece e EXPON:

-En data de 14/05/2024 presentei alegacións sobre a listaxe definitiva das persoas admitidas/excluídas no referido arriba.

-No citado escrito de alegacións faciase mención a que no meu caso non se tivo en conta o Diploma de Socorrismo e Primeiros Auxilios, de 40 horas e expedido pola Cruz Roja Española.

-Supostamente, e de forma non oficial, -a data de hoxe non recibin aínda contestación- parece que a cuestión radica en que o tribunal considera que non debe puntuar por non ser un curso homologado.

-Pola contra eu entendo que sí se trata dun curso homologado, tal como se demostra polas seguintes cuestións:

1.- No ano 2013 participei no proceso selectivo para a mesma praza e na mesa Administración Local (Concello de Lousame), formando parte da documentación presentada ese mesmo título.

2.-No dorso do diploma aparece que é homologado e tamén rexistrado (apórtase copia do mesmo, por si na súa presentación só se copiara unha cara).

3.-Cursos deste tipo impartidos pola Cruz Vermella son puntuados nos concursos para outras administracións, como o Sergas ou outras Consellerías.

Polo exposto, de Vdes. SOLICITO:

-Se teñan en conta esta engádega ás alegacións presentadas no seu día, ao obxecto de incluír a puntuación excluída, e manténdose a petición da modificación da lista..

En Lousame a 20 de maio de 2024.

Dispón a base 9.2 das que rexen o presente proceso:

9.2 Formación (máximo de 40 puntos)

Valoraranse a formación das persoas aspirantes, conforme ao seguinte baremo:

Posesión de titulacións académicas ou profesionais oficiais de nivel igual ou superior e distintas á titulación requirida para o acceso á praza á que se opta	15 puntos por cada titulación oficial, até un máximo de 40 puntos.
Cursos de formación (recibidos ou impartidos), expedidos, homologados ou acreditados até a data da publicación da convocatoria no BOE, impartidos ou homologados pola Comisión de formación continua do Ministerio de AAPP, pola mesma comisión autonómica, por Administracións, organismos públicos e Universidades; así como os cursos impartidos polos colexios profesionais que versen sobre materias propias da súa especialidade.	0,25 puntos por cada hora impartida/recibida do curso de formación; até un máximo de 40 puntos.
Por ter superado algún dos exercicios para o acceso (como funcionario de carreira ou laboral fixo) á praza á que se opta	10 puntos por cada proba superada; até un máximo de 40 puntos.

A vista do título presentado (curso de socorrismo e primeiros auxilios) resulta que este non se incardina dentro do disposto pola base anteriormente transcrita.

Así en estrita aplicación das Bases que rexen a convocatoria, eta alegación debe ser desestimada.

Sexta: A Base Xeral núm. 11.2, 11.3 e 11.4 indica:

2. Finalizado o trámite anterior, e consideradas as reclamacións presentadas, o Tribunal efectuará a proposta das persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. O Tribunal non poderá aprobar a ningunha persoa aspirante que non acadе unha puntuación mínima de 30 puntos no concurso de méritos. O Tribunal non poderá en ningún caso aprobar nin declarar que superaron as probas selectivas un número superior de aspirantes ao das prazas convocadas. Calquera proposta do Tribunal que contraveña o establecido anteriormente será nula de pleno dereito.

3. Se algunha persoa proposta non acreditou o coñecemento da lingua galega, terá lugar a proba de coñecemento da lingua galega, tal e como se regula na Base núm. 10.

4. Finalizada a fase de concurso, aplicados (de ser necesarios) os criterios de desempate e realizada (no seu caso) a proba do coñecemento da lingua galega o Tribunal efectuará á Alcaldía a proposta definitiva das



Concello de Lousame

Praza Teodomiro Hidalgo, 1
15214 Lousame
A Coruña
981 82 04 94
www.concellodelousame.com
concellodelousame@concellodelousame.com
C.I.F. P-1504300-c

persoas aspirantes para a obtención das prazas obxecto de estabilización. Esta proposta definitiva será obxecto de publicación na sede electrónica do Concello de Lousame.

Sétima: A Base Xeral número 13, sinala:

“Co fin de asegurar a cobertura das vacantes, aos efectos do disposto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015 , do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, o Tribunal para os supostos de falta de presentación de documentos, falsidade, falta de toma de posesión ou contratación, renuncia ou falta de acreditación dos requisitos e condicións esixidas, realizará unha relación complementaria das persoas aspirantes que sigan ás propostas, por orde de puntuación. No caso de darse estes supostos, outorgarase un novo prazo de 20 días naturais, para que o seguinte aspirante por orde de puntuación achegue a documentación correspondente para proceder ao nomeamento ou contratación”

Á vista do anterior, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos seus membros, ACORDA:

PRIMEIRO: Propoñer á Alcaldía, de xeito definitivo, ao seguinte aspirante, para obter as prazas obxecto de estabilización neste proceso selectivo:

Orde	Apelidos e Nome	Experiencia profesional	Formación	Total
1	Gómez Cainzos, María del Carmen	60	40	100

SEGUNDO: A Relación Complementaria de persoas aspirantes que siguen á proposta para obter a praza, no caso de que se dean os supostos contemplados na Base Xeral núm. 13, sería a seguinte:

Orde	Apelidos e Nome	Experiencia profesional	Formación	Total
1	Filgueira Pérez, María	60	37,75	97,75
2	García García, Ana María	23	40	63
3	García Alende, Marta	0	40	40

TERCEIRO: Publicar estes acordos na Sede Electrónica do Concello.

E non habendo outros asuntos que tratar, levántase a sesión, ás 11:00 horas, estendéndose a presente Acta, que en proba de conformidade, asina electronicamente cada membro do Tribunal.

Membro	Identidade
Presidencia	Mónica Castaño Ourille. Persoal laboral fixo A2 Concello de Lousame.
Vogal	Natividad Hermo Santos. Persoal laboral fixo A2 Concello de Lousame
Vogal	María del Pilar Calvo Abilleira. Persoal laboral fixo A2 Concello de Lousame.
Vogal	José Manuel Outeiral Castro. Persoal laboral Fixo A2 Concello de Lousame
Secretaría	José Martínez Redondo. Funcionario A1 Concello de Lousame